

RESUMO DE CONTIDOS

A vida é puro teatro

Lingua Galega e
Literatura | 1º ESO



Índice

FASE 1: Comezamos a finxir	2
FASE 2: Agora dramatizamos	4
FASE 3: Metémonos no papel	7
FASE 4: No teatro temos de todo!	9
FASE 5: Baixamos o pano!	10

FASE 1: Comezamos a finxir

Glosario

Dote

Definición: Característica de maior grao dunha persoa.

Exemplo: A dote de Xiao é facer sorrir.

Facer as beiras

Definición: Intentar namorar a alguén.

Exemplo: A rapaza faille as beiras ao seu compañeiro.

Lance

Definición: División interna dunha peza teatral.

Exemplo: *Os vellos non deben de namorarse* componse de tres lances.

Leria

Definición: Conversa informal.

Exemplo: Déixate de tanta leria e ponte a traballar.

1.1. A voltas co xénero teatral

Que é o xénero teatral?

O xénero dramático: o teatro presenta unha acción que ocorre a uns personaxes nun tempo e un lugar concretos.

Características: os feitos preséntanse através do diálogo ou do monólogo duns personaxes co fin de ser representados ante un público.

Nas obras teatrais hai:

- Actos: son as divisións máis importantes, correspóndense co momento en que se apagan as luces e se baixa o telón.
- Escenas: teñen lugar cada vez que entra ou sae un personaxe no escenario.
- Acotacións: indicacións que informan do desenvolvemento dos acontecementos: escenografía, montaxe, mobiliario...
- Aparte: é unha intervención breve que un personaxe formula sen que sexa escoitada polo resto, pero si polo público.
- Personaxes: son seres reais ou ficticios que interveñen na obra teatral. Poden ser:
 - Principais: son aqueles que interveñen de xeito máis activo, levan o peso da trama e evolucionan ao longo da obra.
 - Secundarios: son aqueles que intervelen na historia de xeito menos activo, soamente colaboran cos principais.

Subxéneros teatrais:

- Traxedia: os personaxes enfróntanse a conflitos e situacións completas
- Comedia: adoita tratarse de tramas relacionadas coa vida cotiá e son divertidas.
- Traxicomedia: mestura situacións cómicas e momentos trágicos.

Alguns dramaturgos galegos: Euloxio Rodríguez Ruibal, Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño e Luisa Villalta.

1.2. Dámoslle a lingua?

Pronuncia na lectura

- AO/AOS: a contracción da preposición **a** e mais o artigo **o/os** escríbese **ao/ aos** (ou **ó/ ós**), mais a súa lectura sempre é como un **O aberto [ɔ]**.

- X: fíxate ben na pronuncia do **x** segundo as palabras. Lembra que se pode pronunciar de dúas maneiras diferentes. Unha a de palabras como *axiña*, *xogan* ou *linguaxe* [j] e outra a de *exame*, *taxi* ou *relax* [ks].
- N: a letra **n** tamén se pode pronunciar de varias maneiras. Namorarse vs. unha. A pronuncia velar tamén aparece con -n final de palabra cando despois vai unha vogal, como, por exemplo, nestas frases da obra que podes practicar: “Pon a man no peito”, “Pero ela ten ollos”, “Non é certo”. Pero, ollo, porque por exemplo con: Non/Quen/Nin + o/a/os/as+ verbo; o -n xúntase a ese artigo, á vogal seguinte. Polo tanto, pronúnciase como en neno ou bonito.
- Encontros: Fíxate que na pronuncia se dan outros encontros de palabras, como por exemplo os que podemos ver nestas frases da propia peza teatral: “Todos os” (tódolos), “Podería sandar o meu corazón” (sandalo meu corazón), “Onde foi poñer os ollos esa toliña” (poñelos ollos) ou “Acaba de dar o recado” (dálo recado).
- Interrogativas: Lembra que nas oracións interrogativas, o ton ten que ir descendendo, sen subirse ao final.

FASE 2: Agora dramatizamos

2.1. E se coñecemos un dramaturgo?

Glosario

Xerador

Definición: Aparello para crear.

Exemplo: Están de moda os xeradores de intilexincia artificial.

Chegar a bo porto

Definición: Saír todo ben.

Exemplo: Co seu esforzo chegou a bo porto

2.2. Rimos ou choramos?

Glosario

Drama

Definición: Escrito pensado para a posta en escena.

Exemplo: *Os vellos non deben de namorarse* é un drama de Castelao.

Premeditado

Definición: Reflexionar antes de levar a cabo un feito.

Exemplo: O asasinato foi premeditado.

A linguaxe non verbal

Ademais de pronunciar correctamente, outro aspecto que temos que ter en conta para a lectura é a linguaxe non verbal. Sóavos a regra 55-38-7? Pois, segundo explica o psicólogo Albert Mehrabian, só o 7% do potencial do que comunicamos recae nas palabras. O outro 93% recae na comunicación non verbal! E desta parte, o 55% é o peso da linguaxe corporal e o 38% do uso da voz (ton, timbre...).

Así que, para comunicarmos de maneira efectiva, fíxádevos que importante é a linguaxe non verbal! As mans, a mirada, os xestos, os movementos do corpo..., todo conta. Por iso, atendede a estes consellos e recomendacións e poñédeos en práctica para comunicar ben e para representar a obra o mellor posible.

- **Na pel do/a personaxe:** ten en conta que no teatro non es ti quen fala. É o teu personaxe. Polo tanto, intenta descubrir como é, cal é o seu carácter, e actúa como el/ela. É riquiño/a? É un toxo? É inseguro/a? É serio/a? É moi ansioso/a? Sexa como sexa, coñéceo/a ben, descubre o seu carácter e ponte na súa pel.
- **Espontaneidade:** obviamente, non podes ler. Pero sen ler, tamén se pode estar transmitindo (polo ritmo e monotonía) falta de espontaneidade. Polo tanto, é

importante transmitir con frescura, como se estiveses a falar con normalidade (non lendo nin trasladando un texto “chapado”).

- **Mirada:** disque a mirada é o reflexo da alma. Sexa como for, cos ollos podemos transmitir moito: alegría, sufrimento, tristeza, entusiasmo, odio... Podedes xogar en parellas a transmitir sentimentos cos ollos, a ver se a outra persoa adiviña! Cando fas unha exposición na clase ou cando falas diante dun auditorio, tes que mirar ao público, a quen lle estás a falar. Polo tanto, non podes ter a mirada perdida no fondo nin podes estar mirando ao chan. No teatro non é exactamente igual, pois depende da situación, do diálogo etc., pero ten en conta que, en xeral, o importante é que mires sempre directamente a quen te dirixes. Así, pois, se estás nun diálogo, debes mirar á persoa ou persoas coas que estás a falar.
- **Xestos:** na cara temos 43 músculos cos que podemos facer, e facemos, unha chea de xestos para comunicar. E a cara é un claro reflexo das nosas emocións. De feito, seguro que moitas veces recoñeces perfectamente pola cara de alguén se esa persoa está triste, contenta ou enfadada. E é que para comunicar coa cara podemos usar a fronte, as cellas, as pupilas, os ollos, os beizos, a boca, a lingua... Por exemplo, se viras a cabeza cara a un lado amosas incredulidade, se botas a lingua é que te estás a burlar de alguén, se inflas un pouco as meixelas e sopras estás a indicar que estás farta/o de algo ou de alguén, se mordes o beizo inferior amosas dúbida, se mordes forte e apertas a mandíbula amosas enfado ou tensión... E xa só cos ollos podes amosar sospeita (entrecerrándoos), complicidade (chiscándoo) ou sorpresa (abríndoos moito). Vaia, canto podes dicir coa túa cara!
- **Mans:** coas mans e cos brazos tamén comunicamos moito. Por exemplo, nunha exposición oral, na presentación dun proxecto etc., utilizamos as mans para darlle continuidade ao discurso, para ordenar as ideas ou para sinalar, por exemplo. Pero ademais diso, cómpre ter en conta que a través das mans e dos brazos amosamos apertura, recepción, confianza ou todo o contrario fronte ás demais

persoas. Os brazos cruzados poden ser unha barreira conversacional, se o estiramos cara adiante queremos amosar máis distancia ou separación dun perigo. Mais, se os brazos están relaxados e as palmas das mans abertas, a persoa (ou personaxe) está relaxada e aberta a propostas, a suxestións ou á simpatía das persoas que ten diante. E as mans case teñen vida propia: podemos apertalas para amosar tensión, amosar o puño para ameazar ou amosar forza, sinalar co dedo índice, levar unha man ao queixo como xesto de interese, pasala pola fronte para amosar susto ou cansanzo, xogar co cabelo ou cun obxecto para amosar nerviosismo... Poden aplaudir, negar, chamar, tapar a cara, a boca, os ollos ou as orellas, facer o xesto de roubar, térmolas nos petos, facer o xesto de estaren atadas etc.

- **Voz:** a intensidade, o ritmo e o ton de voz tamén comunican moito. O primeiro que tes que ter en conta cando falas é que as persoas ás que te dirixes che teñen que oír ben, iso está claro. Pero a intensidade, o volume da voz, tamén se usa para transmitir sentimentos ou situacións. Para berrarlle a alguén, para amosar enerxía, para amosar cansanzo ou para amosar cariño xogamos con distintas intensidades e tons de voz. Tampouco é indiferente o ritmo. Non podes falar demasiado rápido e que non te entendan nin demasiado lento e que aburras demasiado. Mais o ritmo tamén pode amosar ansiedade, nerviosismo ou relaxación. Por suposto, tes que vocalizar ben e saber modular e cambiar as intensidades e os ritmos para adaptarte ás diversas situacións. Así que ten en conta todo isto para comunicar ben e, sobre todo, para saber en cada momento o que o teu personaxe ten que transmitir.

FASE 3: Metémonos no papel

3.1. Algunha vez destripaches un texto?

Glosario

Parlamento

Definición: Cada unha das intervencións dun actor ou actriz.

Exemplo: A obra rematou cun longo parlamento da protagonista.

Liña temporal

Definición: Secuencia cronolóxica dos acontecementos.

Exemplo: A obra segue unha liña temporal lóxica.

Pretérito

Definición: Pasado, que expresa unha acción que ocorreu antes.

Exemplo: O verbo "fixen" está en pretérito.

Os elementos do xénero teatral

1. Texto primario (os diálogos):

- Número de parlamentos de cada personaxe.
- Extensión dos parlamentos de cada personaxe.

2. Texto secundario (as acotacións):

- Que información mostra? (tempo, espazo, personaxes, decoración, etc)

3. Personaxes:

- Personaxes principais.
- Personaxes secundarios.

4. Espazo:

- Espazos abertos (bosque...) / pechados (casa...).
- Espazos reais / imaxinarios.

5. Tempo (estacións, meses, partes do día)

- Pasado: uso de verbos en pretérito, adverbios como “onte”, etc.

- Presente
- Futuro: uso de tempos en futuro, adverbios como “mañá”, etc.

3.2. Algunha vez morriches de amor?

Tópicos literarios

Os tópicos literarios son temas ou motivos comúns empregados por escritores ao longo da historia da literatura. Algúns deles son:

- *Beatus ille*: exalta a vida no campo, allea á cidade, afastada da ambición. Significa: ditoso aquel que...
- *Descriptio puellae, iptio puella*: é plasmación da beleza feminina ideal. Significa: descrición da dama.
- *Carpe diem*: vive o momento, goza do presente.
- *Collige, virgo, rosas ige, virgo, rosas*: gozar da mocidade antes de que o paso do tempo a escureza. Significa: colle, moza, as rosas.
- *Ubi sunt*: salienta a fugacidade da vida, a intranscendencia dos bens materiais, o poder destrutor da morte.
- *Locus amoenus*: lugar ideal, prpoio para o goce polo seu confort e beleza; con abundante vexetación, auga, flores, paxaros...

FASE 4: No teatro temos de todo!

4.1. Entrando polos ollos

Glosario

Escenografía

Definición: Deseño do escenario e conxunto dos elementos necesarios nas escenas dun espectáculo teatral.

Exemplo: A escenografía desta obra de teatro fíxoa o alumnado de 1º.

Meme

Definición: Imaxe (debuxo, foto...) acompañada dun texto curto asociado (unha ou dúas frases) con finalidade humorística e que se difunde principalmente a través da rede.

Exemplo: Un dos memes máis populares é o de Drake.

Viral

Definición: Que se espalla moi rápido e chega a moita xente (coma os virus, en sentido figurado), sobre todo a través das redes sociais.

Exemplo: O vídeo que publicou fíxose viral.

Castelao e as artes

Como xa fomos vendo, Castelao definiu *Os vellos non deben de namorarse* coma unha obra imaxinada por un pintor e non por literato. Así quería el manifestar a importancia que lle daba aos aspectos visuais, como a iluminación, as máscaras, o vestiario, os decorados etc.

As artes están todas relacionadas, e en Castelao aínda máis, sobre todo tendo en conta que era escritor, pero tamén artista visual. E na súa obra gráfica tamén están as dúas principais liñas temáticas das súas creacións literarias: o humor e a denuncia social.

En todas as súas obras literarias, tanto nas narrativas como na teatral coa que estamos traballando, o humor está moi presente, e a denuncia social tamén. Con respecto ás obras gráficas, unhas mesturan esas dúas liñas, mais outras retratan os horrores e inxustizas da Guerra Civil (sufrimento, morte, dor, abusos...), pero xa sen humor.

Sexa como for, haxa sorrisos ou haxa bágoas, en toda a obra escrita de Castelao hai imaxes asociadas ao texto e creadas por el e en todos os debuxos de Castelao hai textos creados por el e asociados ás imaxes.

FASE 5: Baixamos o pano

5.1. Mans á obra

Glosario

A fume de carozo

Definición: Con présa, rapidamente.

Exemplo: A lebre ía a fume de carozo.

Atrezo

Definición: Elementos necesarios para a posta en escea dunha obra teatral: vestimenta, accesorios, decorado...

Exemplo: O atrezo para a obra de teatro era moi elaborado.

Ex profeso

Definición: Aquilo que se leva a cabo de maneira intencionada.

Exemplo: Acudiu ver a obra teatral *ex profeso*.

5.2. Derradeiros pasos

Glosario

Pano

Definición: Pano grande que cobre o escenario e pode abrirse, pecharse, baixarse ou subirse.

Exemplo: Abriuse o telón para dar comezo á obra de teatro.



“Título do documento”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)